Cantos son @s profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías?

Cal é o número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais?

E o número medio de doentes que están atendendo cada día?

Cal é a porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías?

Cando vai elaborar un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de redimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2025 11:17:30

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2025 11:18:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:16
Nº Rexistro: 43054
Data envío: 29/12/2025 11:19:16.183

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 11:19:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:16
Nº Rexistro: 43054
Data envío: 29/12/2025 11:19:16.183

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:21:04
Nº Rexistro: 43060
Data envío: 29/12/2025 11:21:04.459

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

O Boletín Oficial do Estado número 309 publicou a *Resolución do 4 de decembro de 2025, da Secretaría de Estado de Xustiza*, pola que se dá publicidade ao *Convenio entre a Administración Xeral do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), sobre a transferencia de solucións tecnolóxicas en materia de Xustiza*.

Este convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración institucional para a cesión, implantación e uso de sistemas e aplicacións informáticas desenvolvidas pola Administración de Xustiza do Estado, co fin de avanzar na modernización dixital da Administración de Xustiza en Galicia, garantir a interoperabilidade entre administracións e mellorar a eficiencia e calidade do servizo público xudicial.

Entre as solucións tecnolóxicas obxecto do convenio atópanse sistemas de xestión procesual, plataformas de comunicación electrónica, visores de expedientes, sistemas de sinatura dixital e outras aplicacións esenciais para o funcionamento diario dos órganos xudiciais. A implantación destas ferramentas supón un paso relevante na consolidación dunha Xustiza dixital, máis áxil e accesible.

Porén, a plena efectividade deste proceso de modernización non pode desligarse do respecto aos dereitos lingüísticos da cidadanía galega. O Estatuto de autonomía de Galicia recoñece o galego como lingua propia de Galicia e garante o seu uso normal e oficial, tamén no ámbito da Administración

Asinado o día 29/12/2025 ás
11:17
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 29/12/2025 ás
11:17
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

152209

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-f4teZK321-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



de Xustiza. Así mesmo, a lexislación vixente establece o dereito da cidadanía a empregar o galego nas súas relacións cos poderes públicos.

Neste contexto, resulta imprescindible que as solucións tecnolóxicas transferidas á Comunidade Autónoma poidan operar de maneira efectiva en lingua galega, tanto na súa interface como nos fluxos de tramitación, comunicacións, formularios e documentación xerada polos sistemas xudiciais. A ausencia destes mecanismos suporía unha limitación real ao uso do galego na Xustiza e unha oportunidade perdida para avanzar na súa normalización nun ámbito estratéxico.

Correspóndelle á Xunta de Galicia, no marco das súas competencias e como parte asinante do convenio, adoptar as medidas técnicas, organizativas e normativas necesarias para garantir que estes sistemas xudiciais dixitais incorporen plenamente o galego como lingua de funcionamento habitual.

Por todo o exposto, considérase necesario que o Parlamento de Galicia inste á Xunta de Galicia a actuar de maneira decidida neste ámbito por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que actuacións concretas ten previsto desenvolver o Goberno galego para garantir que os sistemas e aplicacións xudiciais transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do convenio co Estado poidan operar plenamente en lingua galega?
2. Pode dicirnos o Goberno galego se existe na actualidade un calendario ou planificación definida para a adaptación lingüística ao galego das interfaces, procedementos, comunicacións electrónicas e documentación xerada polos sistemas xudiciais dixitais implantados en Galicia? En caso afirmativo, cal é ese calendario?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:21:04
Nº Rexistro: 43060
Data envío: 29/12/2025 11:21:04.459

3. Que mecanismos de coordinación se están a establecer entre a Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado e a AMTEGA para asegurar que as futuras actualizacións ou novas solucións tecnolóxicas en materia de Xustiza incorporen o galego como lingua de uso normal desde a súa implantación?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

152211

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/12/2025 11:17:08

Patricia Iglesias Rey na data 29/12/2025 11:17:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:21:04
Nº Rexistro: 43060
Data envío: 29/12/2025 11:21:04.459

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 11:21:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:21:04
Nº Rexistro: 43060
Data envío: 29/12/2025 11:21:04.459

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o aumento de matrícula nos últimos anos de alumnado con Necesidades Educativas Especiais e con Necesidades Específicas de Apoio Educativo nos centros escolares galegos e a necesidade de tomar medidas para que reciban unha atención personalizada e a súa inclusión sexa efectiva e real.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros educativos galegos veñen detectando na última década un aumento do alumnado con diversidade nas aulas nunha importante proporción. O alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) é o que presenta algún tipo de discapacidade intelectual, física, sensorial..., ou trastorno grave de conduta, situacións recoñecidas con certificación oficial. Nun sentido máis amplo, atópase tamén o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), con trastornos da linguaxe ou dificultade lectora, de atención, atraso madurativo, altas capacidades, vulnerabilidade socioeducativa, alumnado estranxeiro con descoñecemento do idioma, incorporación tardía no sistema educativo...

Segundo os datos facilitados pola Consellería de Educación aos medios de comunicación o número de alumnado NEE aumentou en Galiza dende o 2021 un 47% e o NEAE entre o 2022 e o 2024 un 14,95%.

Hai tres cuestións que producen este gran incremento:

- 1.- a sensibilización social que existe ao respecto destas situacións,
- 2.- unha maior capacidade de diagnóstico e

Asinado o día 29/12/2025 ás
12:40
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 29/12/2025 ás
12:39
Por Cristina Fernández Davila





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

3.- a chegada de máis alumnado estranxeiro.

Polo tanto dende o ano 2021 o número de alumnado con diversidade disparouse: o NEE pasou de 9.181 a 13.517; o NEAE de 15.873 a 28.148.

A situación particular de cada alumno/a dentro das aulas ao máximo das ratios, tan só reducidas pola Consellería en 4º e 5º de Infantil, supón para o profesorado un reto difícil de enfrontar cos recursos existentes nos centros, pois deberan estar proporcionando unha atención preferente e personalizada a este alumnado, cuxa presenza nas clases modifica os ritmos de traballo e aprendizaxe da totalidade do grupo.

A solución a esta situación está contemplada na actual Lei de Educación, así como na Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade, con medidas que van dende o reforzo de profesorado, profesionais específicos ou a redución da ratios nas aulas con estas situacións, chegando a contemplar o desdobre da aula en dúas.

Aínda que a Consellería de Educación asegura ter contratados preto de 5000 profesionais para a atención á diversidade, 3000 deles especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, non son efectivos estables nos centros e as directivas e ANPAS afirman ser insuficientes.

No primeiro trimestre deste curso escolar as direccións dos centros, as ANPAS e as familias non deixaron de presentar reclamacións ante a Consellería e denuncias ante a Valedora do Pobo e as mobilizacións foron constantes nos centros educativos que desencadeou numerosas datas de folga do profesorado convocado polo sindicato maioritario con apoio doutras organizacións sindicais. Todos eles reclamando unha negociación sobre as medidas necesarias para dar resposta a todas as demandas que a comunidade educativa está a realizar para mellorar a situación do alumnado e profesorado.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP para atender as demandas e denuncias realizadas polas direccións dos centros educativos, o profesorado galego, as ANPAS e as familias para mellorar a situación do alumnado con diversidade, así como devolver ao profesorado os dereitos arrebatados polo Goberno da Xunta na última década?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 29/12/2025 12:39:54

Ariadna Fernández González na data 29/12/2025 12:40:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:42:08
Nº Rexistro: 43191
Data envío: 29/12/2025 12:42:08,683

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 12:42:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:42:08
Nº Rexistro: 43191
Data envío: 29/12/2025 12:42:08,683

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43211
Data envío: 29/12/2025 14:39:03,673

Asinado o día 29/12/25
14:33
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Un total de 13 contratos formalizou a Xunta de Galicia baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijóo con Equipo Económico, o bufete do ex ministro de Facenda Cristóbal Montoro- investigado penalmente por organización criminal e tráfico de influencias- a través do que intercambiaba con empresas leis favorables a cambio de beneficios económicos.

O Executivo autonómico de Feijóo, entre 2009 e 2011, formalizou unha serie de con-contratos con esta consultora, investigada pola Xustiza e pola que o ex ministro durante o Goberno de Mariano Rajoy e o seu equipo á fronte de Facenda foron imputados. O montante destes 13 contratos entre a Xunta e Equipo Económico ascende a 172.838 euros. Catro deles corresponden a 2009, seis a 2010 e tres a 2011; mentres que as consellerías implicadas foron a de Facenda e a de Presidencia, en dez e tres ocasións, respectivamente, sen que ata o de agora se teña facilitado unha información completa, ordenada e verificable sobre o seu contido, obxecto, utilidade real e xustificación administrativa.

O 12 de setembro de 2025, a voceira socialista encargada de transparencia no Parlamento galego acudiu ás dependencias da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, para a vista dos expedientes administrativos relativos a estas contratacións menores.

A análise da documentación permitiu constatar feitos de especial gravidade institucional:

Asinado o día 29/12/2025 ás
14:33
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 29/12/2025 ás
14:33
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

152219

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43211
Data envío: 29/12/2025 14:39:03,673

- A existencia de informes achegados en forma de simples borradores, sen sinatura, sen data e sen identificación do persoal responsable.
- A incorporación de documentos de carácter xeral sobre normativa fiscal estatal, sen relación directa coas competencias propias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Propostas xenéricas de reducións fiscais en impostos como patrimonio, sucesións e doazóns, coincidentes co ideario político do PP, pero sen adaptación técnica á realidade normativa galega.
- A inclusión dun documento en formato PowerPoint, sen sinatura nin autoría, relativo á fusión das caixas galegas, que non contén conclusións técnicas nin recomendacións finais, malia terse utilizado como soporte político para unha das decisións económicas máis transcendentales da historia recente de Galicia.

Ese mesmo día, 12 de setembro de 2025, o Grupo Parlamentario Socialista reiterou formalmente a solicitude de copia íntegra de todos os contratos a dedo adxudicados a Equipo Económico, así como dos informes finais asociados a cada un deles.

A día de hoxe, esa documentación dos expedientes de contratación segue sen ser remitida, incumprindo os principios de transparencia, colaboración parlamentaria e control democrático da acción do Goberno.

Esta situación resulta incompatible co deber de exemplaridade da Administración pública, coa Lei de Transparencia e Bo Goberno, e co dereito dos grupos parlamentarios a exercer plenamente as súas funcións de control e fiscalización.

A opacidade mantida pola Xunta de Galicia alimenta dúbidas lexítimas sobre a utilidade real destes contratos, a correcta xustificación do gasto público e a posible utilización de fondos públicos para avalar decisións ideolóxicas ou

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

152220

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43211
Data envío: 29/12/2025 14:39:03,673

partidarias, e non para un asesoramento técnico rigoroso ao servizo do interese xeral.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que motivo non se remitiu aínda ao Parlamento de Galicia a copia íntegra dos contratos menores solicitados formalmente o 12 de setembro de 2025?
2. Considera a Xunta de Galicia axeitado e conforme a dereito pagar informes que:
 - Carecen de sinatura,
 - Non conteñen conclusións técnicas,
 - ou se limitan a reproducir normativa fiscal estatal sen adaptación á realidade galega?
3. Que criterios técnicos e de interese público xustificaron a contratación dun despacho privado para a elaboración de propostas de reducións fiscais en impostos propios da Comunidade Autónoma?
4. Utilizou a Xunta de Galicia algún dos informes elaborados por Equipo Económico como base para decisións estratéxicas de política económica, fiscal ou financeira? En caso afirmativo, cales?
5. Vai adoptar a Xunta de Galicia medidas correctoras para evitar no futuro situacións de opacidade, documentación incompleta e vulneración do dereito de control parlamentario?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

152221

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-f4teZK321-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 29/12/2025 14:33:16

Paloma Castro Rey na data 29/12/2025 14:33:24

Elena Espinosa Mangana na data 29/12/2025 14:33:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43211
Data envío: 29/12/2025 14:39:03,673

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 14:39:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 43211
Data envío: 29/12/2025 14:39:03,673

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:40:26
Nº Rexistro: 43794
Data envío: 02/01/2026 10:40:26.407

Asinado o día 02/01/26
10:38
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O programa 531A, destinado á promoción de solo industrial para actividades económicas, presenta no terceiro trimestre de 2025 unha execución orzamentaria de apenas o 33,5 %, unha cifra claramente insuficiente para un instrumento clave da política industrial galega.

Esta baixa execución pon de manifesto a parálise da política de solo empresarial da Xunta de Galicia, nun contexto no que a dispoñibilidade de solo industrial competitivo é determinante para atraer investimento, xerar emprego e fixar actividade produtiva no territorio.

A situación vese agravada pola baixada do orzamento de XESTUR Galicia, entidade pública chamada a liderar esta política, e polo fracaso continuado na venda de solo industrial, que en 2024 acadou os peores rexistros da última década. Lonxe de corrixir esta tendencia, o Goberno galego mantén unha estratexia errática, baseada en rebaixas de prezos sen planificación nin avaliación de resultados, que está a comprometer a viabilidade económica da propia sociedade pública.

A ausencia dunha planificación territorial industrial coherente e dunha política activa de promoción do solo produtivo está a limitar gravemente as posibilidades de reindustrialización de Galicia.

Do mesmo xeito, o programa 732A, destinado á regulación e soporte da actividade industrial, rexistra unha execución do 37,7 % no terceiro trimestre de 2025, evidenciando unha clara falta de impulso da Xunta de Galicia a un ámbito

Asinado o día 02/01/2026 ás
10:37
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás
10:37
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

152224

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:40:26
Nº Rexistro: 43794
Data envío: 02/01/2026 10:40:26.407

esencial para garantir seguridade xurídica, planificación e acompañamento ao tecido industrial.

Esta baixa execución tradúcese en atrasos administrativos, falta de tramitación efectiva de proxectos industriais e ausencia de políticas activas de apoio ás empresas, especialmente ás pemes e ao tecido industrial de proximidade.

A inacción do Goberno galego neste programa contrasta co discurso oficial sobre a necesidade de atraer investimentos e facilitar a actividade económica, revelando unha desconexión entre os anuncios políticos e a realidade da xestión orzamentaria.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que causas xustifica a Xunta para que o programa 531A teña unha execución de só o 33,5 % no terceiro trimestre de 2025?
2. Que medidas concretas pensa adoptar o Goberno galego para reverter o fracaso na venda de solo industrial?
3. Considera a Xunta axeitada a redución do orzamento de XESTUR nun contexto de perda de peso da industria galega?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

152225

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 10:37:52

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 10:37:59

Lara Méndez López na data 02/01/2026 10:38:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:40:26
Nº Rexistro: 43794
Data envío: 02/01/2026 10:40:26.407

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:40:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:40:26
Nº Rexistro: 43794
Data envío: 02/01/2026 10:40:26.407

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:58:06
Nº Rexistro: 43802
Data envío: 02/01/2026 10:58:06.521

Asinado o día 02/01/2026 ás 10:53
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O programa 733A, destinado á eficiencia enerxética e ao impulso das enerxías renovables, presenta no terceiro trimestre de 2025 unha execución orzamentaria de apenas o 12,3 %, unha cifra especialmente grave se se ten en conta o carácter estratéxico desta política no contexto actual de transición ecolóxica, crise climática e perda de competitividade industrial.

Esta baixísima execución non pode explicarse por factores alleos nin por dificultades técnicas sobrevidas, senón que responde a unha falta de vontade política clara do Goberno galego para liderar un modelo enerxético sostible, público e socialmente xusto. Galicia conta cun enorme potencial en recursos renovables —vento, auga, biomasa e sol— que, lonxe de ser aproveitado en beneficio do conxunto da cidadanía, está a ser xestionado de maneira desordenada, opaca e crecentemente privatizada.

No ámbito da enerxía eólica, a situación é paradigmática do fracaso da planificación autonómica. Galicia acumula máis de 90 parques eólicos suspendidos xudicialmente, como consecuencia dun marco normativo inestable, dun planeamento obsoleto —cun Plan Eólico vixente desde 1997— e dunha sucesión de modificacións lexislativas que xeraron inseguridade xurídica, conflito social e paralización administrativa. Esta realidade evidencia a incapacidade da Xunta de Galicia para compatibilizar a implantación das renovables co respecto ambiental, a participación social e a seguridade xurídica.

Asinado o día 02/01/2026 ás 10:53
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 10:53
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

152228

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:58:06
Nº Rexistro: 43802
Data envío: 02/01/2026 10:58:06.521

Ao mesmo tempo, o Goberno galego mantén unha actitude de desleixo absoluto cara ás comunidades enerxéticas, un instrumento recoñecido pola Unión Europea como clave para democratizar o acceso á enerxía, reducir custos para fogares e pemes e favorecer a participación cidadá na transición enerxética. A falta de convocatorias ambiciosas, de apoio técnico e de acompañamento institucional está a impedir que Galicia aproveite esta oportunidade de desenvolvemento local e cohesión social.

Resulta especialmente preocupante que, mentres se executa de forma mínima o orzamento destinado á eficiencia enerxética e ás renovables, a Xunta avance na privatización dos recursos naturais estratéxicos mediante fórmulas de colaboración público-privada, como a sociedade híbrida Recursos de Galicia, que carece de transparencia, control parlamentario efectivo e garantías de retorno social. Este modelo traslada o control do vento, da auga e dos recursos mineiros a intereses privados, sen asegurar beneficios reais para o territorio nin para a cidadanía galega.

A baixa execución do programa 733A ten consecuencias directas: atraso na redución da dependencia enerxética, perda de oportunidades industriais ligadas á enerxía limpa, maiores custos para familias e empresas e renuncia a un modelo de desenvolvemento sostible con valor engadido local. Nun momento no que outras comunidades autónomas e o propio Goberno de España están a acelerar investimentos en renovables e eficiencia, Galicia queda atrás por falta de planificación, ambición e execución orzamentaria.

En definitiva, a execución do 12,3 % do programa 733A no terceiro trimestre de 2025 constitúe unha mostra evidente do fracaso da política de transición enerxética da Xunta de Galicia, baseada máis en anuncios e estruturas opacas que en investimentos reais, control público e beneficios sociais.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

152229

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-f4teZK321-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:58:06
Nº Rexistro: 43802
Data envío: 02/01/2026 10:58:06.521

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como xustifica a Xunta unha execución do 12,3% nun programa clave para a transición enerxética?
2. Que apoio real está a recibir o desenvolvemento das comunidades enerxéticas en Galicia?
3. Que papel xoga a sociedade Recursos de Galicia na xestión dos recursos naturais?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

152230

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 10:53:14

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 10:53:20

Lara Méndez López na data 02/01/2026 10:53:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:58:06
Nº Rexistro: 43802
Data envío: 02/01/2026 10:58:06.521

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:58:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:58:06
Nº Rexistro: 43802
Data envío: 02/01/2026 10:58:06.521

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:14:17
Nº Rexistro: 43809
Data envío: 02/01/2026 11:14:17.306

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A realidade económica galega imponse á propaganda. Lonxe da imaxe que se está publicitando do Goberno galego, o mercado laboral da Comunidade mostra un dinamismo "francamente escaso" en comparación co conxunto de España, xa que a ocupación crece menos da metade do conxunto do país entre 2018 e 2025.

Así as cousas, é un engano dicir que o mercado laboral galego evoluciona de forma satisfactoria e similar ao conxunto de España. O envellecemento da poboación galega é o que provoca que a taxa de desemprego redúzase máis que en conxunto de España, o que provoca a redución da poboación activa, que en Galicia leva seis anos estancada mentres no Estado crece un 7,5 por cento. Ao ter menos poboación, o PIB per cápita é aparentemente maior, pero en termos reais non é así, xa que ten que ver con que a poboación galega creceu en seis anos un escasísimo 0,3 por cento, fronte ao cinco por cento do conxunto de España, que crece a un ritmo 18 veces maior.

Por outra banda, non coñecemos a día de hoxe as actuacións levadas a cabo pola creación da nova Oficina económica de Galicia; poderíamos presupoñer que as súas funcións van a ser de gran relevancia no aspecto económico do goberno galego, pero analizando polo miúdo o novo decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que a Oficina económica de Galicia carece de funcións executivas, son máis ben de coordinación, de estudo e análise.

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:12
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:12
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

152233

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:14:17
Nº Rexistro: 43809
Data envío: 02/01/2026 11:14:17.306

Por outra banda, o programa orzamentario 612A presenta unha execución do 47,1 % no terceiro trimestre de 2025, unha cifra especialmente preocupante tratándose dun pro-grama destinado á planificación e coordinación económica do conxunto da acción do Goberno galego.

Esta baixa execución evidencia o fracaso da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta, creada para anticipar riscos, coordinar políticas sectoriais e mellorar a eficacia da acción económica do Executivo, pero que na práctica carece de resultados avaliábeis e de impacto real.

Nun contexto de incerteza económica e perda de peso da industria galega, a ausencia dunha verdadeira coordinación económica supón unha grave carencia estrutural do Goberno galego.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que actuacións concretas desenvolveu a Oficina de Coordinación Económica en 2025?
2. Como xustifica a Xunta a execución inferior ao 50% deste programa?
3. Considera o Goberno que a actual estrutura de coordinación económica é eficaz?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

28071 Madrid

152234

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 11:12:01

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 11:12:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:14:17
Nº Rexistro: 43809
Data envío: 02/01/2026 11:14:17.306

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 11:14:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:14:17
Nº Rexistro: 43809
Data envío: 02/01/2026 11:14:17.306

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:29:39
Nº Rexistro: 43816
Data envío: 02/01/2026 11:29:39.197

Asinado o día 02/01/2026 ás 11:25
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O programa 734A, destinado ao fomento da actividade mineira en Galicia, presenta no terceiro trimestre de 2025 unha execución orzamentaria de apenas o 1,8 %, unha cifra que evidencia a ausencia total dunha política mineira planificada, sostible e con visión de país por parte da Xunta de Galicia.

Esta execución practicamente nula non pode interpretarse como un feito illado, senón como o reflexo dunha estratexia inexistente no ámbito da minería. Galicia carece hoxe dun plan galego de actividades extractivas que ordene o sector, identifique as materias primas estratéxicas, estableza criterios ambientais claros e defina mecanismos efectivos de retorno económico e social para os territorios afectados polas explotacións.

A falta de planificación está a provocar unha situación de desorde administrativa, inseguridade xurídica e conflito social, con numerosos procedementos xudiciais abertos, autorizacións anuladas e proxectos paralizados. Lonxe de ofrecer un marco estable e garantista, o Goberno galego optou por unha xestión reactiva, caso a caso, sen transparencia nin avaliación global do impacto ambiental, económico e social da actividade mineira.

Resulta especialmente grave que, nun contexto europeo no que se fala de autonomía estratéxica en materias primas críticas, a Xunta de Galicia non sexa quen de articular unha política pública que compatibilice o aproveitamento racional dos recursos minerais coa protección ambiental e o desenvolvemento local. A minería podería contribuír á cadea de valor industrial e á creación de

Asinado o día 02/01/2026 ás 11:25
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 11:25
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

152237

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:29:39
Nº Rexistro: 43816
Data envío: 02/01/2026 11:29:39.197

emprego de calidade, mais a inacción do Executivo impide aproveitar esta oportunidade.

Ao mesmo tempo, o Goberno galego non garante un retorno económico e social xusto para as comarcas que soportan os impactos das actividades extractivas. Non existen mecanismos claros de compensación, reinvestimento territorial nin participación das comunidades locais nos beneficios xerados. Os territorios asumen os custos ambientais e sociais mentres os beneficios se externalizan, agravando o despoboamento e a perda de actividade económica.

Cómpre engadir, ademais, a preocupante intención da Xunta de externalizar funcións de inspección e control mineiro, o que supón unha privatización encuberta das tarefas de vixilancia pública nun sector de alto risco ambiental. Esta deriva compromete a capacidade da Administración para garantir o cumprimento da legalidade, a protección do medio ambiente e a seguridade das persoas.

A execución do 1,8 % do programa 734A non só revela unha renuncia explícita a fomentar unha minería sostible, senón tamén a falta de compromiso coa modernización do sector, coa innovación tecnolóxica e coa creación dunha cadea de valor que xere riqueza e emprego en Galicia.

En definitiva, a baixísima execución orzamentaria deste programa confirma que a política mineira da Xunta de Galicia carece de planificación, ambición e responsabilidade territorial, deixando sen resposta un sector estratéxico que require control público, sustentabilidade ambiental e retorno social real.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

152238

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:29:39
Nº Rexistro: 43816
Data envío: 02/01/2026 11:29:39.197

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como xustifica a Xunta de Galicia que o programa 734A teña unha execución de apenas o 1,8 % no terceiro trimestre de 2025?
2. Ten previsto o Goberno galego elaborar un plan galego de minería sostible que ordene o sector e compatibilice o aproveitamento dos recursos minerais coa protección ambiental e o desenvolvemento territorial?
3. Que medidas concretas está a adoptar a Xunta para garantir un retorno económico e social real nas comarcas afectadas polas actividades extractivas?
4. Pode confirmar o Goberno galego se mantén a intención de externalizar a inspección mineira e, de ser así, que xustificación ofrece para reducir o control público nun sector de alto impacto ambiental?
5. Que previsión de execución final do programa 734A manexa a Xunta de Galicia ao peche do exercicio 2025 e que actuacións pensa impulsar nos meses restantes?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

152239

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 11:25:38

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 11:25:44

Lara Méndez López na data 02/01/2026 11:25:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:29:39
Nº Rexistro: 43816
Data envío: 02/01/2026 11:29:39.197

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 11:29:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:29:39
Nº Rexistro: 43816
Data envío: 02/01/2026 11:29:39.197

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Rosana Pérez Fernández, Secundino Fernández Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a extensión das competencias en Violencia sobre a Muller dos Tribunais de Instancia dos partidos xudiciais de Ourense e Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por Real Decreto 422/2025 acordouse a creación de prazas xudiciais en seccións de VSM de distintos Tribunais de Instancia de Galiza. Nos casos dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña a creación das prazas xudiciais non supuxo un incremento da planta xudicial, senón que foi mediante a transformación de prazas xudiciais de instrución. A reacción contraria á medida pola practica totalidade dos operadores xurídicos e tamén de numerosas organizacións políticas e sindicais implicou que o Goberno do Estado comprometérase a súa revogación.

No devandito Real Decreto acordouse a creación “ex novo” de seccións específicas de VSM nos Tribunais de Instancia de Ourense e Santiago de Compostela, decidíndose simultaneamente a extensión da súa xurisdición aos partidos xudiciais de Verín, Xinzo de Limia, O Carballiño, Ribadavia, Celanova e Bande, no primeiro caso; e de Noia, Arzúa, Ribeira, Negreira, Muros, Padrón e Ordes, no segundo.

Malia que a adopción dos acordos sinalados non tiveron a oposición da Xunta de Galiza, o Pleno do Parlamento de Galiza a instancias do grupo parlamentar do BNG acordou instar a Xunta de Galiza a:



- Crear seccións de violencia sobre a muller nos tribunais de instancia dos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol e Santiago de Compostela, sen que supoña a eliminación de prazas das sección de instrución, nin a posterior extensión da súa xurisdición a outros partidos xudiciais;

- Incrementar o cadro de persoal nos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial, cando menos en correspondencia coas novas prazas xudiciais que se propón crear.»

Esta previsto que co novo ano entren en funcionamento os Tribunais de Instancia de Ourense e Santiago e que as seccións de VSM estendan a súa xurisdicións a todos os partidos xudiciais sinalados no Real Decreto de xuño, a costa da redución das competencias dos Tribunais de Instancia de partidos xudiciais do rural galego.

Considerando que a medida adoptada en nada vai mellorar a atención ás vítimas de violencia machista, vai ser prexudicial para o funcionamento da administración de xustiza e para o necesario equilibrio territorial, formúlase a seguinte interpelación:

Con carácter previo á aprobación do Real Decreto 422/2025 emitiu a Xunta de Galiza informe sobre a procedencia da transformación de unidades xudiciais de instrución dos Tribunais de Instancia de Vigo e A Coruña en prazas de Violencia sobre a Muller?

En caso afirmativo, cal foi o sentido do informe? En que data se rexistrou a saída do informe, e cal foi a data de entrada en rexistro da administración do Estado?

Emitiu a Xunta de Galiza informe sobre a proposta de extensión da xurisdición das sección de VSM dos Tribunais de Instancia de Ourense e Santiago de Compostela a outros partidos xudiciais?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu caso, cal foi o sentido do informe, a data da súa emisión e a do rexistro na administración do Estado?

Cónstalle á Xunta de Galiza a existencia dun acordo do Pleno do Parlamento de Galiza contrario á transformación de unidades de instrución dos Tribunais de Vigo e A Coruña en prazas de Violencia sobre a Muller?

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao referido acordo parlamentario?

Cónstalle á Xunta de Galiza a existencia dun acordo do Pleno do Parlamento de Galiza contrario á extensión de xurisdición das seccións de violencia sobre a muller dos Tribunais de Instancia de Ourense e Santiago de Compostela?

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao referido acordo parlamentario?

Considera a Xunta de Galiza que a transformación de prazas xudiciais nos partidos de Vigo e A Coruña, e a extensión de xurisdición das seccións de VSM de Ourense e Santiago de Compostela van redundar nunha mellora prestación do servizo de Xustiza ás vítimas de violencia machista?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/01/2026 13:27:08

Rosana Pérez Fernández na data 02/01/2026 13:27:29

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2026 13:27:37

Secundino Fernández Fernández na data 02/01/2026 13:27:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:47:34
Nº Rexistro: 43867
Data envío: 02/01/2026 13:47:34.808

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:47:34
Nº Rexistro: 43867
Data envío: 02/01/2026 13:47:34.808

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 13:47:35

CSV: BOPGDSPG-f4teZK32t-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

